

GAYO PINHEIRO presenta:
Área de descanso



Dúas mulleres escapan con vida dunha academia de oposicións.


Despois dunha breve e axitada visita á oficina do Inem, deciden romper con todo e lanzarse a unha aventura incerta polas estradas do país, recorrendo os lugares máis recónditos e protagonizando esceas inventadas por elas mesmas, inspiradas nos iconos máis representativos do cine e a televisión e nas que *versionean* ao seu modo o papel das mulleres na literatura e os films, cansas dos eternos argumentos pasivos que tradicionalmente lles outorgan. Texto e música para un espectáculo mordaz, cómplice e, sobre todo, feminino.





GAYO PINHEIRO é o dúo formado por Clara Gayo e Iria Pinheiro que veñen de “asociarse” recentemente para ofrecer unha proposta escénica: “Área de descanso”. Un espectáculo inspirado no código do xénero cabaret, onde dúas mulleres narran as súas peripecias dende que deciden dar un xiro á súa vida e percorrer o mundo á marxe de crises e conflitos internacionais. Cunha linguaxe sinxela e mesmo achegada ó absurdo, analizan a actualidade e os problemas dun sistema económico e social esencialmente dominado por homes no que non atopan o seu lugar.

A idea da viaxe/viraxe que acometen vencidas e cansas da inflexibilidade do seu entorno, é o punto de partida en contraposición á inmovilidade que tradicionalmente se asocia ou identifica coas mulleres, na eterna espera dun factor externo (normalmente masculino) que chegue a mudar a súa situación. En "Area de descanso" estas mulleres falan, opinan, critican e analizan todo con acidez e ironía e toman postura ante o que acontece sempre dende a súa propia natureza e razón de ser, parodiando por momentos os roles masculinos típicos, pero sin deixar que estos acaben sendo os protagonistas pasivos.



GAYO PINHEIRO

GAYO PINHEIRO



Contactación

T. 685.407.303

T. 633.340.988

gayopinheiro@gmail.com